



INFORMACIÓN FAMILIAS PROTOCOLO COVID CURSO 2020-21

Estimadas familias, nestes difíciles momentos que estamos a vivir solicitamos a vosa colaboración para facilitar o traballo do centro escolar ao que van asistir as vosas fillas/os. Queremos subliñar que somos docentes e non profesionais sanitarios pero cos medios dos que dispoñemos estamos a crear un entorno escolar seguro, seguindo o protocolo da Xunta.

Estamos a traballar no protocolo **para garantir a seguridade do alumnado**. Ao pasar a distancia de seguridade de 1 a 1,5 metros tivemos que cambiar todo o que xa estaba preparado e estamos a reorganizar todo de novo a contrareloxo. Ademais da creación de protocolos, sinalización, limpeza e reorganización de todas as aulas do centro, estamos facendo obras para ampliar a capacidade das aulas así como poñendo mamparas só nas aulas de Informática (onde polos requisitos específicos das instalacións non se pode manter a distancia de seguridade).

A páxina web do centro será a canle oficial para a comunicación instituto-familias polo que deben estar sempre pendentes das novidades que vaiamos incluíndo nela.

Ademais recibirán avisos e comunicacións a través de ABALAR. **Todas as familias terán que ter instalada esta aplicación ao comezo do curso e asegurarse de que polo menos un dos teléfonos que nos proporcionan estea sempre operativo.**

Existen videos titoriais na páxina do centro que poden servir de guía:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesadormideras/?q=node/18>

A Dirección e o persoal do centro estará á súa disposición, durante todo o curso escolar en horario lectivo:

TELÉFONO DO CENTRO: 881880086

CORREO ELECTRÓNICO: ies.adormideras@edu.xunta.gal

O Equipo Directivo está formado por:

Directora: Carmen Tembrás Alonso.

Vicedirectora: María Álvarez Fernández.

Xefe de Estudos: Jaime Duque Quijada.

Secretario: José Manuel Tallos Caldeiro.

Ademais, haberá un Equipo COVID **co que terán que contactar para calquera incidencia coa COVID** e que estará formado por:

Carmen Tembrás Alonso. COORDINADORA COVID: Correo: mtembras@edu.xunta.es

María Álvarez Fernández. Correo: mariaalvarez@edu.xunta.es

Jaime Duque Quijada. Correo: jduque@edu.xunta.es



Estamos programando unhas sesións para que desde o comezo do curso o alumnado coñeza as normas de hixiene e o funcionamento da aula virtual e outras plataformas. O alumnado ten a obriga (como o resto do persoal) de usar máscaras durante toda a xornada e en todos os espazos e terá que levar unha segunda máscara de recambio así como un estoxo/bolsa/sobre específico para gardarla en caso necesario.

Ademais, dúas limpadoras pola mañá e unha pola tarde ocuparanse das tarefas de limpeza e desinfección.

Poremos un especial coidado na **ventilación** dos espazos para evitar a transmisibilidade: 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao remate de cada sesión. Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as XANELAS ABERTAS o maior tempo posible. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente.

Durante este curso as familias non poderán acceder ao instituto salvo causa xustificada. Se teñen que recoller ao seu fillo/a deberán avisar con antelación mediante unha chamada telefónica. As titorías faranse todas de xeito telefónico, telemático ou por calquera outro medio que concerten co titor a principio de curso.

COMEZO DE CURSO:

Como xa se informou empezamos **os día 23, 24 e 25 de setembro coa presentación escalonada do alumnado para poder informalo axeitadamente de todos os cambios xerados pola pandemia da COVID.**

Os horarios e cursos que virán cada día xa están na web do centro.

ANTES DA CHEGADA AO CENTRO:

As familias teñen a obriga de realizar todos os días a “ Enquisa autoavaliación clínica do COVID-19” (dita enquisa aparece ao final deste documento) como se comprometen na Declaración responsable que deberá ser entregada o primeiro día de clase ao titor/a correspondente. Esta declaración será entregada ao alumnado o día da presentación.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible coa Covid, o alumno/a non acudirá ao centro e el ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante e abondará co comprobante dos pais ou titores legais. Contactará tamén co instituto para informar da ausencia ao equipo COVID.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible.

O alumno permanecerá illado no espazo COVID do centro acompañado por un membro do equipo COVID.



CHEGADAS E SAÍDAS DO CENTRO:

Cando o alumnado chegue, entrará directamente ao centro. As entradas e saídas faranse de xeito escalonado:

Alumnado da ESO:

Entrada pola porta principal ás **8:45**

Recreo de **11:10 ás 11:40**

Saída pola porta do xardín ás **14:05**

A tarde dos luns, entrada ás **16:40** e saída ás **18:10** polas mesmas portas que en horario de mañá.

Alumnado de Bacharelato:

Entrada pola porta principal ás **8:55**

Recreo de **11:15 ás 11:45**

Saída pola porta principal ás **14:15**

A tarde dos luns, entrada ás **16:30** e saída ás **18:00** pola porta principal.

Para os recreos priorizarase a realización no exterior sempre que as condicións climatolóxicas o permitan, independizando espazos por grupo-aula.

MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA O ALUMNADO:

- Todo o alumnado do centro deberá vir provisto de máscara, dunha máscara de recambio e dun xel hidroalcohólico no seu estoxo.
- É obrigatorio o uso da máscara en todo momento.
- Durante os primeiros días do curso, o profesorado/titores, explicarán aos seus fillos as medidas de hixiene xerais e as medidas especiais nas diferentes materias e espazos.
- En todos os espazos do centro o alumnado disporá de xel hidroalcohólico, xel desinfectante, papel e papeleiras axeitadas á normativa.
- Deben intentar non traer nada de valor ao centro xa que as aulas permanecerán abertas o maior tempo posible para airealas e o servizo de taquillas non funciona. Lembren que os teléfonos móbiles non están permitidos dentro do recinto escolar. Tampouco estará permitido o intercambio de material entre o alumnado.
- As familias deberán facer un traballo de concienciación a seus fillos/as acerca destas medidas para facilitar o traballo de todo o persoal do centro durante este curso escolar.
- Se existise algunha circunstancia especial que impida que seu fillo teña posta a mascarilla durante o tempo recomendado, deberá comunicalo inmediatamente ao titor/a; esa comunicación virá acompañada do correspondente certificado médico e cunha xustificación exhaustiva dese feito. No caso de que o alumno non poida facer uso da



maskarilla, o centro tomará medidas especiais para o seu tempo de lecer.

FAMILIAS NO CENTRO E TITORÍAS:

Este curso non haberá reunión pais-titores presencial. Toda a información será enviada a través da páxina web, AbalarMóbil, correo electrónico ou calquer outro medio axeitado.

IMPORTANTE: Mentras dure a pandemia, **non se permitirá a permanencia no centro das familias**. Para o acceso dos proxenitores ao centro será imprescindible concertar cita previa. Para a realización das titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono.

A familia concertará unha cita preferentemente a través de abalarMóbil directamente co seu titor/a. Podería tamén utilizar o correo electrónico do centro: **ies.adormideras@edu.xunta.gal**, sinalando no asunto con que profesor queren solicitar a cita ou ben chamar ao centro.

REUNIÓNS COA ORIENTADORA DO CENTRO:

Para as reunións coa orientadora, as familias poderán solicitar cita chamando ao teléfono do centro ou a través do correo: **orientacionadormideras@gmail.com**. Cando se concrete a cita, acordarase tamén a modalidade na que se levará a cabo tendo en conta o tema a tratar e a dispoñibilidade e medios (telefónica, telemática ou presencial).

No caso de que a Orientadora decidira que éstas fosen presenciais, debido á especificidade ou complexidade das temáticas, o Departamento de Orientación conta cun espazo físico suficiente para manter a distancia recomendada polas autoridades sanitarias.

En ningún caso, e tal e como recolle o protocolo publicado pola Consellería, será posible a atención presencial coincidindo cos horarios de entrada/saída nin con intercambios de clase ou recreos.

Ademais existe un blog de Orientación onde poderán atopar diversas informacións relacionadas coa mesma.

TRÁMITES NO CENTRO:

Para a realización de trámites no centro (certificados, etc...) dispoñemos dun horario limitado que non pode coincidir cos momentos libres do alumnado, polo que é recomendable que soliciten o que precisen ou pidan cita previa no correo: ies.adormideras@edu.xunta.gal

CASO QUE TEÑAMOS UN NOVO CONFINAMENTO OU SUSPENSIÓN DE CLASES POR CASOS NO CENTRO:

Nas primeiras semanas de curso, faremos a inscrición do alumnado para traballar na Aula Virtual; o profesorado indicarlles a forma de entrar, subir traballos, enviar correos electrónicos e todo tipo de destrezas dixitais imprescindibles para o traballo na casa.

PARA CALQUERA DÚBIDA, PROPOSTA OU ACLARACIÓN PODEN ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO A:

ies.adormideras@edu.xunta.gal



Autoavaliación COVID

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		